

XULIO VALCÁRCEL

Sinais na area
ESCRITOS SOBRE ARTE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

SOLES DE BRANCA SILVA

Había unha débeda, que recoñezo, con Branca Silva, e, en xeral, coas mulleres artistas, escasamente representadas neste libro. Tan inxusta marxinación non se debe a prexuízos de ningún tipo, nin, desde logo, a unha falla de interese por unha arte que, entendo, non sabe de xéneros. Sucede sinxelamente que a maior parte dos artistas cos que me relaciono son varóns. Iso explica o maior número de traballos dedicados a eles. Propósito de emenda, sen mala conciencia, que empezo por cumprir, moi gustosamente, achegándome á última obra de Branca Silva.

Cores vermellas, con elementos amarelos, azuis, violáceos, equilibrando o cromatismo do cadro, introducindo, en ocasións, unha estreita liña no borde, abstracción lírica achegada a Rothko e a outros pintores da vertente meditativa da Escola de Nova York, incluído o español Esteban Vicente, estou a pensar no seu cadro "Afternoon shadows". Pintura de volumes, non plana, de contundente firmeza. Ás veces a luz vén de fóra, lateral, pero a miúdo xorde do mesmo lenzo, como abrollando do fondo do cadro cara a superficie e nimbando dese resplandor, desa vibración lumínica e emotiva todo o conxunto. É a de Branca Silva, unha obra que alguén contextualizou no seo dunha pintura atlántica, que non nos parece mal; máis forzado atopamos o alcume de "celta", como tamén foi denominada.

Non insistiremos no carácter temático do que nós consideramos "solpores", solpores interiores, insinuados, nunca obvios, como outros poderán ver ou apreciar incendios, e non lles faltaría o caudal da razón e a consecuencia da lóxica, despois da tráxica vaga que Galiza padeceu no verán do 2006. En calquera caso, non

é o tema o que define e condiciona a obra de Branca. Nunha liña estética achegada á de Ad Reinhardt, canta máis información, canto máis tema e canta máis implicación, peor. Estamos ante un intento de forma pura, de cor pura, incluso evitando, na medida do posible, proxectarse a artista na obra, mantendo unha distancia. "Menos é máis" -insistía Reinhardt.

Así se explican eses grandes campos de cor monocromos. Unha especie de mística ou de afastamento budista, por fóra distanciados de toda relación, e por dentro evitando os desexos que nos impacientan e aflixen. "Os vellos sabios durmían sen soños e camiñaban sen angustia". O realismo é trivial, ordinario, banal; cómpre, pois, emanciparse da tutela das aparencias,



Branca Silva. Pigmentos. Loneta. 1,50x1,50 cm.

a arte non se dirixe a reproducir senón a crear novas realidades.

Desde esa perspectiva, Branca camiña cara o puro, que é o mesmo que dicir, cara o universal, poñendo o acento sobre a cor, non sobre a superficie. Desde esa ascese, a ambición, o éxito ou avaricia, corromperían a mensaxe artística. Por iso Branca se dirixe ao silencio. Silenciosos son estes cadros que sen embargo nos gritan en tons cromáticos de diferenzas case imperceptibles.

Solar

Universo solar, paixón, latexo, nese tremor cálido, tan característico, cunha querenza especial polas estruturas cadradas, tanto nos formatos, como na utilización do cadrado, que en Branca non se dirixe á xeometría, senón que funciona como vertebrador da obra e probablemente como símbolo. Os ángulos rectos, a perfecta delimitación, igual polas catro partes, os cadrados son como xanelas, en fuga decrecente, cada vez máis pequenas cara a verdade que se atopa no fondo. Son canle, pasadizo e vía, e parellamente, en oposición ao círculo, que evoca a transcendencia, a eternidade, o cadrado significa o universo creado, limitado e estable. É notorio que as tendas dos pobos nómades sexan circulares, pasando á planta cadrada cando se converten en sedentarios. Cadrada é a planta das pirámides, e a de moitos templos do Oriente. É salientable a utilización, reiterada, que Branca fai deste elemento.

Sen fisgoa nin resquicio, a pintura invádeo todo; unhas estreitas liñas laterais, noutra cor, evitan a monotonía, o tedio, e acentúan xogos de afinidades vagamente suxeridas. Un procedemento semellante atopámolo utilizado por Clifford Still nalgunha das súas obras.

Nos anos 2004 e 2005 Branca Silva expuxo en Compostela, na Galería Paloma Pintos. Foi a partires



Branca Silva. Pigmentos. Loneta, 93x93 cm.

desa data cando entrei en contacto coa súa pintura, en consecuencia ese é o momento a partir do que podo opinar con algo de criterio. Descoñezo, por exemplo, o que fixo durante a súa estadía en Barcelona. Pero si é perceptible unha evolución, un cambio, entre aquelas exposicións e a última de “Vermellos”, unha cor que vexo con certa aprensión e que considero un verdadeiro desafío, pois, salvando a Guerrero, Reinhardt e algún outro, case ninguén se atreveu con esa cor: é doado que resulte sobrecargada e rechamante.

Predominaban na achega do 2004 os cadros en azuis. Azuis escuros, fríos, auga e xeo, luz transida, inverno e alén; beleza da morte que seguramente tamén a terá, aínda que non lla vexamos. Unha pintura calma, serea, tranquila, río fluínte e rumoroso. Unha pintura baseada na auga, mentres que agora colle outro dos elementos fundamentais, o lume, seguindo a Empé-



Branca Silva. Pigmentos. Loneta, 93x93 cm.



Branca Silva. Pigmentos. Loneta, 50x50 cm.

linguaxe descodificada, sen signos convencionais, que sen embargo afonda no substrato máis fondo, nas fontes do ser, no drama das orixes; ese principio case relixioso que en palabras de Rothko “constitúe o fundamento do mito en todas as épocas”.

Desaparece o borde do cadro como límite, divide pero non separa, acouta, pecha, pero non limita. Como ten sinalado Clement Greenberg, mediante a eliminación da barreira visual que é o marco, a obra preserva a «súa integridade, a súa unidade propia, en diálogo co espazo circundante. Os cadros deben ser vistos como «campos de cor». Uns campos de cor que se nos ofrecen propicios para a meditación, que engloban toda sensación, toda emoción. Cores finas, moitas veces translúcidas, como aplicadas capa por capa, para acadar esa estraña, esa enigmática sensación de profundidade,

como se a traveso desas cores sensuais puidésemos acceder a estadios e a lugares recónditos da nosa mente e do noso corazón.

Hai, xaora, unha ascese, unha limitación de materiais e de elementos para evitar que nos despistemos do obxectivo, que non é outro que buscar o esencial, a revelación do verdadeiramente transcendente. E faise ese achegamento de maneira lenta, paulatina, sen xestos bruscos nin presas, abordando a pintura de maneira directa, sen bocetos nin apuntes previos. Investigación dentro do propio proceso creativo. A obra de Branca Silva é un esforzo en soidade, unha alquimia lenta, peneirada, na que se condensa e precipita en introspección lúcida, a emoción, a beleza, os sentimentos. A simplicidade non é un obxectivo, chégase a ela na procura da verdade.

Reflexiva

Nesa eliminación de elementos, Branca fica rendida e prendida á cor; que saibamos nin sequera teñen título moitos dos cadros, non dá pistas, o cadro ofrécese nu, inmediato, sen marco nin título, como unha proposta en si mesma. A propia cor pola cor, como expresión de liberdade, como manifestación subxectiva da intensidade emocional, nunca desbordada. Nesa contención, nese apremier a vehemencia expresiva, radica moita da súa forza.

A pintura de Branca Silva convida á meditación, a interiorización, como quen recolle un anaco de sol e o garda dentro do peito, agarimados pola súa calor, pola súa enerxía bondadosa. Convida á muda contemplación, como esas tardes de verán nas que miramos asombrados o roibén do sol asolagándose no mar, coa sensación de que se esa tarde morre, xa non volveremos amencer nunca, dada a prodixiosa beleza dese momento indescribible.

Pintura-pintura sen outras connotacións conceptuais nin filosóficas, das que non carece Branca, pero das que prescinde, a salvo doutras intervencións, comprometidas e urxentes, como a denuncia do espolio da biblioteca de Bagdag na exposición titulada «Palabras salvadas do lume», nunha liña de pensamento e de actuación semellante á Manuel Rivas na súa recente novela, «Os libros arden mal». O coñecemento como avance e auto-superación, a cultura como base de liberación da persoa; en definitiva, a resistencia cultural fronte a barbarie, pois xa coñecemos o pensamento do Sistema: a cultura é perigosa, fainos lúcidos, conscientes, críticos. Eliminado o pensamento propio, estamos desnortados, somos vulnerables e podemos ser manipulados.

Sabemos desde a Ilustración que a cultura nos fai libres, donos dos nosos destinos, e que nos libros, como na arte en xeral, radican os principios básicos da convivencia, da tolerancia e da liberdade. Principios que Branca defende de maneira expresa na súa vida e de maneira implícita nesta obra que se ergue como un berro de vida e de paixón no medio do torturado mundo actual.

Unha pintura propia, que ten antecedentes no expresionismo abstracto aparecido a mediados dos anos cincuenta, década dura na España franquista. A abstracción, xurdida, segundo se admite, dunha acuarela feita po Wassili Kandinsky en 1910, en Munich, foi froito serodio tanto en España como en Galiza, que o recibimos a través de París e dos pintores de El Paso, ata podermos falar con propiedade de abstracción naqueles pintores que se achegan aos antecedentes europeo e americano, superando unha experiencia previa, na maioría dos casos de xorne surrealista.

Na obra de Branca non aparecen imaxes recoñecibles, nin referentes figurativos de ningún tipo. Ficamos estantíos diante desta pintura intemporal; descoñecemos o principio, que sen dúbida tivo, pero non podemos imaxinar a súa fin; unha pintura sen morte que posiblemente trate da morte, rigorosa e severa, e non por iso menos achegada e comunicativa, nada automática nin xestual. A pincelada é matizada, envolvente, protectora, as cores son poucas pero moi variadas as súas gamas, con algúns ocasionais contrastes. Prevalece a integración, a harmonía. Unha ofrenda de sol e de verdade.